



XUNTA
DE GALICIA

COLEXIO EDUCACIÓN
INFANTIL E PRIMARIA
PLURILINGÜE A FRAGA



GUÍA DO CURSO 2024-2025

SUMARIO

- DATOS DO CENTRO
- SAÚDO
- OBXECTIVOS
- ÓRGANOS DE GOBERNO
- DOCUMENTOS DE CENTRO
- XORNADA ESCOLAR
- OUTROS HORARIOS
- PARA TER EN CONTA
- ANPA
- CALENDARIO ESCOLAR



DATOS DO CENTRO



CEIP PLURILINGÜE A FRAGA

Avda. Da Habana s/n

15320 As Pontes de García Rodríguez

- **Teléfono:** 881938156
- **Email:** ceip.afraga@edu.xunta.gal
- **Web:** <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipafraga/>

SAÚDE



Benvidos e benvidas ao novo curso escolar! Con moita ilusión e entusiasmo, abrimos un novo ano académico no que, ademais de seguir acompañando ao noso alumnado no seu desenvolvemento integral, imos embarcarnos nun proxecto anual moi especial: un proxecto de fotografía, cine e televisión. Esta iniciativa permitiralles explorar o mundo da imaxe, a creatividade e a expresión artística, ao tempo que desenvolven habilidades tan importantes como o traballo en equipo, a comunicación e o pensamento crítico.

O profesorado terá un papel de guía e apoio neste camiño, motivando e inspirando ao alumnado para que poidan descubrir novas formas de aprender, explorar e conectar co mundo a través da lente dunha cámara. Queremos que todo o alumnado atope o seu espazo para crear e experimentar, facéndoos partícipes dunha experiencia educativa única que vai máis aló das aulas tradicionais.

Neste curso, os valores que nos acompañarán serán a colaboración, o esforzo e a ilusión. A **colaboración** porque, a través deste proxecto, traballaremos xuntos como comunidade educativa, unindo as forzas de profesorado, alumnado e familias. O **esforzo** porque cada pequeno paso que demos requirirá dedicación e constancia, e a **ilusión** porque é o que nos motiva a avanzar, superando retos e disfrutando do proceso.

Este proxecto de fotografía, cine e televisión será tamén unha oportunidade para fortalecer os lazos entre a escola e as familias, ofrecendo momentos de participación e de compartir o talento dos nosos pequenos artistas.

Desexamos que este curso estea cheo de emocións, descubrimentos e aprendizaxes inesquecibles. Como dixo Walt Disney, "*Se podes soñalo, podes facelo.*" Con esa mesma filosofía afrontamos este novo curso, seguros de que será un ano inesquecible.

A por un ano cheo de luz, historias e moita creatividade!

OBXECTIVOS



OBXECTIVOS PEDAGÓXICOS:

Ensino individualizado

Aprendizaxe significativa

Superación das desigualdades

Tolerancia e espírito crítico

Dinamización Lingüística

O benestar

OBXECTIVOS



OBXECTIVOS DO COLEXIO:

O propósito do CEIP Plurilingüe A FRAGA é formar persoas nos ámbitos intelectual, moral e cívico, que sexan capaces de incorporarse con garantías nas seguintes etapas de formación e no medio social no que viven, baseándose nunha aprendizaxe significativa e individualizada, potenciando a autoestima, educando para a tolerancia e a solidariedade.

O noso pretende ser un centro de referencia pola calidade do seu ensino, ofertando unha formación integral baseada en principios humanos e metodolóxicos que dean resposta ás demandas da sociedade para estas etapas educativas.

OBXECTIVOS



OBXECTIVOS ORGANIZATIVOS E DE PARTICIPACIÓN:

Traballo en
equipo

Xestión
transparente e
eficaz

Propósito de
mellora continua

Apertura á
sociedade

ÓRGANOS DE GOBERNO



Equipo directivo:

- **María Pérez Galdo**, como directora representa ao centro e coordina todas as actividades cara á consecución do proxecto educativo e de acordo coas disposición vixentes.
- **María del Carmen Novo Díaz**, xefa de estudos. É a encargada de coordinar e velar pola execución das actividades de carácter académico e de orientación de profesores e alumnos.
- **Noemí Lage Redondo**, secretaria. Ocúpase de ordenar o réxime administrativo do centro e de coordinar todas as actividades relacionadas coa mellora continua.

ÓRGANOS DE GOBERNO



Consello Escolar:

O consello escolar do centro é o órgano a través do cal participan na súa xestión os distintos membros da comunidade escolar. Esta formado por:

Noemí Lage Redondo, como secretaria do centro, con voz pero sen voto; **María Pérez Galdo**, como directora e presidenta; **María del Carmen Novo Díaz**, como xefa de estudos do centro; **Lorena M^a Rodeiro**, **Begoña Lago Gómez**, **Noelia Cabarcos Novas**, elixidas polos nais e pais; **Alba López Legaspi**, **Obdulia Amarelo**, **David Rodríguez Paz**, **Virginia Polo Campello** e **Cristina Gómez Pita** elixidos polo claustro; **Tania Pardo** como representante do Concello; **María Ríos** como representante de persoal non docente, e **María del Carmen Montes González** como representante da ANPA Medoñas.

ÓRGANOS DE GOBERNO



Claustro de Profesores e Profesoras:

O claustro de profesores é o órgano propio de participación deste no goberno do centro e ten a responsabilidade de planificar, coordinar, decidir e informar sobre todos os aspectos docentes.

- Olalla Carballido
 - Juana Fornos e
 - Obdulia Amarelo,
- María Pérez como apoio

Titores/as de Educación Primaria:

- María del Carmen Novo,
- María Leonardo
- Noemí Lage,
- Alba López,
- Carla María Aneiros,
- Eva María Castro.

Especialistas:

- Estefanía Pérez, Música;
- David Rodríguez, Educación Física;
- Adara López, Lingua Inglesa;
- Cristina Gómez, Relixión Católica.

Departamento de Orientación:

- Sonia López, Orientadora;
- Virginia Polo, Pedagogía Terapéutica e apoio alumnado con necesidades educativas especiais;
- Ana Sanmartín e Carla María Aneiros, Audición e linguaxe.

DOCUMENTOS



O proxecto educativo do centro (PEC) é o que fixa os obxectivos, prioridades e procedementos de actuación. Nel inclúense varios plans como o Proxecto lingüístico e Plan de lectura, de Biblioteca, o Plan Dixital, Plan de actividade Física e Hábitos Saudables, de Comunicación, de Igualdade, de Convivencia, Plan de orientación e acción tutorial e as Normas de organización e funcionamento (N.O.F) que conteñen dende normas de convivencia ata organización de espacios e instalacións, e os mecanismos de participación dos membros da comunidade.

Todas as familias que o desexen teñen á súa disposición unha copia do proxecto educativo do colexio na páxina web.

XORNADA ESCOLAR



Continuamos a traballar en horario continuado de mañá, que se desenvolverá de 9 a 14 horas. O calendario escolar deste ano, establece a xornada lectiva de 5 horas ao longo de todo o curso.

Polas tardes e tal e como figura no proxecto de modificación horaria aprobado pola Xefatura Territorial da Consellería de Educación, o colexio permanecerá aberto de 16 a 18 horas para posibilitar o funcionamento da biblioteca (levando un rexistro de asistencia do alumnado para as familias que o desexen) e as actividades extraescolares. Tamén se realizarán as actividades propias da coordinación docente e das titorías, en especial a de atención ás familias do alumnado.

OUTROS HORARIOS



Atención a familias do alumnado por parte do equipo directivo:

- **Equipo directivo:** normalmente na primeira da xornada haberá algún membro do equipo directivo á vosa disposición.
- **Titorías:** Todos os luns de 17:30 a 19:00 horas.
- **Atención por parte da orientadora:** luns, mércores e xoves en horario de mañá e luns de 17:30 a 19:00 horas .

Co obxectivo de mellorar a eficacia e evitar excesivas esperas estas reunións deberán realizarse previa cita empregando a aplicacións "abalarMóbil", correo electrónico ou telefonicamente.

PARA TER EN CONTA



Xustificación de faltas:

As faltas de asistencia serán contabilizadas pola titora ou titor. Será preciso xustificalas do xeito que se estableza na reunión do primeiro trimestre. (Modelo na páx. Web).

Saídas do alumnado en horario lectivo:

Para a saída dunha alumna ou alumno en horario lectivo a nai ou o pai deberá de asinar unha solicitude dirixida á titora ou ao titor, segundo o modelo establecido. (Modelo na páx. Web)

Puntualidade:

Un dos deberes do alumnado é a asistencia á clase con puntualidade. Agás no primeiro ano de Educación Infantil onde se establecerá flexibilidade horaria (período de adaptación), será preciso respectar as horas de entrada e saída.

Excursións e saídas culturais:

Para as actividades complementarias e extraescolares que se realicen fóra do recinto escolar enviarase sempre unha autorización que deberá devolverse ao centro asinada. De non facelo así a alumna ou alumno de que se trate non poderá participar nesa actividade.

Notificacións ás familias:

Calquera incidencia que afecte ao alumnado e que se considere relevante, será comunicada á familia pola titora ou titor, mediante un escrito que se entregará á alumna ou alumno e que deberá voltar ao colexio asinada polos pais ou titores.

ANPA



A **ANPA Medoñas** organiza actividades culturais e deportivas. A Xunta Directiva, colabora estreitamente xunto cos mestres e monitores no seu desenvolvemento. A participación é tanto activa como económica.

Actividades complementarias: Xunto co equipo de actividades complementarias e extraescolares, participamos na organización dos distintos eventos culturais do ano escolar (Magosto, Nadal, Entroido, fin de curso...) mercando as castañas, orellas, lambetadas e bebidas. Destacar tamén que nas saídas culturais aportamos unha pequena axuda económica a todos os nenos e nenas socios da ANPA.

Actividades culturais: A nosa Asociación oferta aos seus socios obradoiros lúdicos, dinamizando así o seu tempo libre fóra do horario escolar.

Actividades deportivas: Nestas actividades tentamos que os nenos e nenas aproveiten e participen no deporte, incentivando os seus hábitos. Destacar que os nosos monitores participan sen ánimo de lucro. Nós aportamos economicamente nos pagos e arbitraxes dos partidos e nos trofeos e agasallos de final de curso.

Actividades que se ofertan neste curso aparecerán nos vindeiros días na páxina web no apartado da ANPA.

Contacto da ANPA: 664301625

CALENDARIO ESCOLAR



A Orde do 12 de abril de 2024 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2024/2025, establece o seguinte:

Actividades lectivas

No segundo ciclo de educación infantil e educación primaria, as actividades lectivas comezarán o día 11 de setembro de 2024 e rematarán o 20 de xuño de 2025.

Períodos de vacacións e días non lectivos

- **Vacacións de Nadal** abranguerán desde o día 23 de decembro de 2024 ata o día 7 de xaneiro de 2025, ambos os dous inclusive.
- **Entroido:** Os días 3,4 e 5 de marzo de 2025
- **Vacacións de Semana Santa** abranguerán desde o día 14 ata o día 21 de abril de 2025, ambos os dous inclusive.

Establécese o Día do Ensino coa consideración de non lectivo para efectos académicos e que neste curso se celebrará o 31 de outubro 2024.


Respecto dos dous días non lectivos que se poden solicitar en razón de tradición, costume ou conveniencia pedagóxica, dado que se considera desexable que se busque o consenso entre todos os centros da localidade, a proposta é o 4 de novembro e o 2 de maio.

CALENDARIO ESCOLAR



CONMEMORACIONES:

- 20 de novembro de 2024: Día Universal da Infancia.
- 25 de novembro de 2024: Día Internacional contra a Violencia de Xénero.
- 3 de decembro de 2024: Día Internacional das Persoas con Discapacidade.
- A semana do 6 de decembro de 2024: conmemoración da Constitución e do Estatuto de autonomía de Galicia.
- 10 de decembro de 2024: Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.
- 24 de xaneiro de 2025: Día Internacional da Educación.
- 30 de xaneiro de 2025: Día Escolar da non Violencia e da Paz.
- 23 de febreiro de 2025: Día de Rosalía de Castro.
- 8 de marzo de 2025: Día Internacional da Muller.




CALENDARIO ESCOLAR



CONMEMORACIONES:

- 15 de marzo de 2025: Día Mundial dos Dereitos do Consumidor.
- Segunda semana de marzo de 2025: Semana da Prensa.
- 1 de abril de 2025: Día das Artes Galegas.
- 7 de abril de 2025: Día Mundial da Saúde.
- Semana do 23 de abril de 2025: Semana do Libro.
- 2 de maio de 2025: Día Internacional contra o Acoso Escolar.
- 9 de maio de 2025: Día de Europa.
- Semana do 17 de maio de 2025: Semana das Letras Galegas.
- 5 de xuño de 2025: Día Mundial do Ambiente.

CALENDARIO ESCOLAR 2024-2025



2024-2025

calendario académico

SETEMBRO							OUTUBRO							NOVEMBRO							
l	m	me	x	v	s	d	l	m	me	x	v	s	d	l	m	me	x	v	s	d	
						1		1	2	3	4	5	6						1	2	3
2	3	4	5	6	7	8	7	8	9	10	11	12	13	4	5	6	7	8	9	10	
9	10	11	12	13	14	15	14	15	16	17	18	19	20	11	12	13	14	15	16	17	
16	17	18	19	20	21	22	21	22	23	24	25	26	27	18	19	20	21	22	23	24	
23	24	25	26	27	28	29	28	29	30	31				25	26	27	28	29	30	31	
30																					

DECEMBRO							XANEIRO							FEBREIRO						
l	m	me	x	v	s	d	l	m	me	x	v	s	d	l	m	me	x	v	s	d
						1			1	2	3	4	5						1	2
2	3	4	5	6	7	8	6	7	8	9	10	11	12	3	4	5	6	7	8	9
9	10	11	12	13	14	15	13	14	15	16	17	18	19	10	11	12	13	14	15	16
16	17	18	19	20	21	22	20	21	22	23	24	25	26	17	18	19	20	21	22	23
23	24	25	26	27	28	29	27	28	29	30	31			24	25	26	27	28		
30	31																			

MARZO							ABRIL							MAIO										
l	m	me	x	v	s	d	l	m	me	x	v	s	d	l	m	me	x	v	s	d				
						1	2			1	2	3	4	5	6						1	2	3	4
3	4	5	6	7	8	9	7	8	9	10	11	12	13	5	6	7	8	9	10	11				
10	11	12	13	14	15	16	14	15	16	17	18	19	20	12	13	14	15	16	17	18				
17	18	19	20	21	22	23	21	22	23	24	25	26	27	19	20	21	22	23	24	25				
24	25	26	27	28			28	29	30					26	27	28	29	30	31					

XUÑO							XULLO							AGOSTO											
l	m	me	x	v	s	d	l	m	me	x	v	s	d	l	m	me	x	v	s	d					
						1							1	2	3								1	2	3
2	3	4	5	6	7	8	7	8	9	10	11	12	13	4	5	6	7	8	9	10					
9	10	11	12	13	14	15	14	15	16	17	18	19	20	11	12	13	14	15	16	17					
16	17	18	19	20	21	22	21	22	23	24	25	26	27	18	19	20	21	22	23	24					
23	24	25	26	27	28	29	28	29	30					25	26	27	28	29	30	31					
30	31																								



- Inicio e fin do curso
- Conmemoracións
- Vacacións escolares
- Preav./avaliacións
- Días festivos
- Festivais
- Días non lectivos